

Lume líquido

Da reflexión metapoética



ARMANDO REQUEIXO

A traxectoria autorial de Miguel Anxo Fernán Vello –dramaturgo, editor e antes nada e sobre de todo poeta– é un todo coa súa figura literaria pública. Dicar o seu nome é evocar a persoa, mais tamén o personaxe. Porque o de Cospito, non nos enganemos, é un ser de escrita e así é tamén percibido. Poeta que oficia como poeta, que se sente e se declara poeta tanto no tremor da páxina coma nos foros do ruar cidadán.

Agora, logo de máis dun cuarto de século de verbas en ronsel (con brillantes acertos e tamén algunhas sonecas, naturalmente, e pois), glosa *Dicionario do estremece-mento*. En Espiral

tal estordegada na que eclosiona derruba o lector non afeito a tal intensidade cósmica, fundante, atávica.

Aquí son os versos dos elementos universais todos, mais, nomeadamente, os territorios do lume. As brasas azuis, telúrica cinza, queimadura réptil e labarada bífida ou terminal. Un arder do sangue que arrepiá, que fumea en cálices incandescentes.

Son tamén as paisaxes da memoria, dos represaliados, dos que conosco van porque nos axudan a non esquecer os portadores de negrume, os vendedores nocturnos de perfil azulado nas chambras, sempre a traficar coa ruína, oxidando esperanzas, tunelando amenceres. Comparecen, de igual xeito, as trabadas xugulares de

–animal estraño e nostáxico, sedento sempre de beleza–, e, por descontado, a Rosalía gardiá dun segredo escuro e ardente de saudade.

Mais o núcleo de magma líquido que alimenta esta lingua de lume voraz é a reflexión metapoética. Procura degoxada que arrinca como pathos confesional e percorre as estancias todas da oda, con ritos de paso no sentimental familiar, nas artes irmás ou na urbe matria. Todo para desembocar na hímica de “Lingua”, poema tótem, verso imán que esconxura, disipa, modula, desterra, quebra, nutre, apal-

UNHA PROCURA
DEGOXADA QUE
ARRINCA COMO
VERDADEIRO
PATHOS

CONFESIONAL

pa, invade, escintila, inflama e arde, arde, arde no idioma que somos.

O resto son fulgores que se abren alén da nosa galaxia de letras. Como a evanescencia dos trazos de Isabel Pintado na cuberta. Plástica cómplice, rouge complemento que implementa e transfunde, que resolve a dualidade de linguaxes artísticas na re-creación visual da palabra.

Poeta en néboa, que vive “na materia da pureza/ e da desolación,/ posuído polas violáceas luces/ do asombro”, voz que urra para que “arda aquí todo o tremor/ e que ferva no ritmo e na respiración/ o poema... brasa diúrna... mar de sílabas/ axitando o futuro”.

Na liña aberta con *Capital do corpo e Territorio da desaparición* este *Dicionario do estremece-mento* –que se inicia cunha dedicatoria ao amigo fraterno e lúcido mestre Xosé Manuel Beiras e unha oportuna cita de Goethe que nos recorda que “o estremece-mento é a parte mellor da humanidade”– lexicografa a pel, a desolación, a encrucillada, a espera, o río, a choiva e outra trintena de queimaduras brancas que han tremelar nas tempas e nas pupilas de quen se deixe por elas calcinar.

FERNÁN VELLO, *Miguel Anxo, Dicionario do estremece-mento*, Ed. Espiral Maior, A Coruña, 2007, 81 páxinas.

Maior, eidos propios, e coa estesa leira de *Alba longa* por matriz.

Oulean polas esquinas destes poemas as bandeiras dos pavillóns antigos. As consignas que foron e son marca da casa. O mundo convocado pola palabra é unha nova rotación ao redor dun eixo estrela polar, dunha (auto)poética nadir de tal maneira aparafusada ás veas do lugués que a bru-

Eros, desmedido, irresistible, intratable, imposible, devastador. Ou a Beleza platonizante. Aínda mais, os cánticos en homenaxe dos Poetas de iluminación profética, dos visionarios que o de Lugo devociona, tal Rilke

